

ENTROIDO 2011: CONCURSO DE DISFRACES

Co gallo do Entroido 2011 o Concello de Camariñas organiza o Concurso de Disfraces nas modalidades de INFANTIL, INDIVIDUAL XUVENIL-ADULTOS E COMPARSAS, que se celebrará en Camariñas o martes 16 de febreiro.

A convocatoria deste concurso vai dirixida a tódolos cidadáns que desexen participar con arreglo ás seguintes:

BASES

A. CONCURSO DE DISFRACES INFANTIL

1. Poderán só participar nenos/as de idades comprendidas entre os 0 e 12 anos, ámbalas dúas incluídas, que se inscriban previamente na Biblioteca Municipal, de luns a venres, en horario de 9:00 a 13:00h e 16:30 a 19:30.

A inscrición estará aberta ata ás 13:00h do luns día 7 de marzo do 2011.

2. Poderase participar neste apartado individualmente, ou en grupos de ata cinco persoas. O premio outorgase a unha persoa ou o conxunto do grupo.
3. O concurso de Disfraces Infantil levarase a cabo durante o desenvolvemento do Baile de Disfraces que terá lugar o martes 8 de marzo do 2011, ás 17:00 horas, no Pavillón Polideportivo de Camariñas. No transcurso do mesmo, o Xurado Cualificador valorará e puntuará a tódalas persoas que acudan disfrazadas, publicándose a súa decisión ó remate do desfile. A resolución do Xurado será inapelable.
4. Os membros de Xurado terán en conta ó outorgar as diferentes puntuacións a vistosidade, a simpatía na representación do disfrace sobre o escenario, a adecuación do vestiario coa alegoría elixida para esta edición, así como a confección do mesmo con motivos propios do Entroido, sendo a puntuación de 1 a 5 puntos.
5. O Xurado entregará un PRIMEIRO, SEGUNDO E TERCEIRO PREMIO en forma de AGASALLOS.
6. No caso de empate o xurado procederá a unha nova votación ata conceder os premios estipulados no apartado anterior. Pode declarar desertos os premios que non acaden un nivel de calidade axeitado .

B. CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAL – XUVENIL/ADULTOS

1. Poderán só participar aquelas persoas que teñan máis de 12 anos de idade, que se inscriban previamente na Biblioteca Municipal, de luns a venres, en horario de 9:00 a 13:00h e 16:30 a 19:30.

A inscrición estará aberta ata ás 13:00h do luns día 8 de marzo do 2011.

2. Poderase participar neste apartado individualmente, ou en grupos de ata cinco persoas. O premio outorgase a unha persoa ou o conxunto do grupo.
3. O concurso de Disfraces Individual levarase a cabo durante o desenvolvemento do Baile de Disfraces que terá lugar o martes 8 de marzo do 2011, ás 17:00 horas, no Pavillón Polideportivo de Camariñas. No transcurso do mesmo, o Xurado Cualificador valorará e puntuará a tódalas persoas que acudan disfrazadas, publicándose a súa decisión ó remate do desfile. A resolución do Xurado será inapelable.
4. Os membros de Xurado terán en conta ó outorgar as diferentes puntuacións a vistosidade, a simpatía na representación do disfrace sobre o escenario, a adecuación do vestiario coa alegoría elixida para esta edición, así como a confección do mesmo con motivos propios do Entroido, sendo a puntuación de 1 a 5 puntos.
5. O Xurado outorgará os seguintes PREMIOS:
 - Primeiro premio: 100€
 - Segundo premio: 80€
 - Terceiro premio: 50 €
6. No caso de empate o xurado procederá a unha nova votación ata conceder o premio estipulado no apartado anterior. Pode declarar desertos os premios que non acaden un nivel de calidade axeitado .
7. Finalizado o concurso se o gañador do premio nesta modalidade é un menor de idade entregaráselle un vale polo importe do premio para comprar en calquera establecemento do Concello de Camariñas.

Se é maior de idade entregárase un diploma a cada un dos gañadores, ingresándose o premio en metálico na conta bancaria sinalada no momento de realizar a inscrición.

8. O importe dos premios será aboado polo Concello de Camariñas con cargo ó seu presuposto.
9. Os membros do Xurado serán designados polo Concello de Camariñas.

C. CONCURSO DE COMPARSAS

1. Poderán participar tódalas persoas maiores de 12 anos ou menores de 12 acompañados dun adulto, que se inscriban previamente na Biblioteca Municipal, de luns a venres, en horario de 9:00 a 13:00h e 16:30 a 19:30h.

A inscrición estará aberta ata ás 13:00 horas do luns día 8 de marzo do 2011.

2. No Concurso de Disfraces de Comparsas poderán participar todos aqueles grupos que o desexen, debendo estar formados por un mínimo de 6 persoas, cuxos disfraces deberán gardar ente si coherencia e uniformidade.
3. O concurso de Disfraces de Comparsas levarase a cabo durante o desenvolvemento do Baile de Disfraces que terá lugar o martes 8 de marzo do 2011, ás 17:00 horas, no Pavillón Polideportivo de Camariñas.
4. Na decisión do Xurado Cualificador valorarase a orixinalidade e harmonía de cada comparsa, así como a escenificación e dinamismo do motivo elixido, sendo a puntuación de 1 a 5 puntos.
5. A resolución do Xurado Cualificador emitirase ó final do desfile, sendo esta inapelable.
6. O Xurado outorgará os seguintes PREMIOS:
 - Primeiro premio: 300€
 - Segundo premio: 180€
 - Terceiro premio: 120 €

7. No caso de empate o xurado procederá a unha nova votación ata conceder os premios estipulados no apartado anterior. Pode declarar desertos os premios que non acaden un nivel de calidade axeitado.
8. Finalizado o concurso, entregarase un diploma a cada un dos gañadores, ingresándose o premio en metálico na conta bancaria sinalada no momento de realizar a inscrición.
9. O importe dos premios será aboado polo Concello de Camariñas con cargo ó seu presuposto.
10. Os membros do Xurado serán designados polo Concello de Camariñas.
11. Para ampliar información dirixirse á Biblioteca Municipal de Camariñas.

Teléfono 981737234. Email: anamartinez.biblioteca@camarinas.net

MODALIDADE INDIVIDUAL XUVENIL-ADULTOS
MODALIDADE COMPARSAS
MODALIDADE INDIVIDUAL INFANTIL

Nome do responsable.....

DNI:..... Teléfono...../.....

Data de nacementoEmail.....

Enderezo.....

Nome do Grupo:.....

Fantasia do disfraz.....

Nº de participantes do grupo.....

Nº de conta bancaria.....

Solicita inscribirse no Concurso de Disfraces do Entruido Camariñas 2010, aceptando tódolos apartados das bases elaboradas a tal efecto.

Camariñas, a..... de.....de 2010

ASDO:.....